

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010058	CPI do Feal	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	4º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias da natureza nun centro público CPI do Feal, situado no Concello de Narón; un concello de 39.000 habitantes colindante co municipio de Ferrol. O centro sitúase na parroquia de Narón e recibe alumnado das parroquias de Narón, O Val, San Xiao e Sedes, sendo eminentemente rural.

Trátase dun centro público integrado que supera os 681 alumnos. No que respecta a primaria, o centro dispón de dúas liñas en cuarto, terceiro e primeiro e tres no resto, sendo a xornada escolar continuada de 9:00 a 14:00, cun recreo de media hora. A maior parte do alumnado accede en transporte escolar e unha pequena parte usa o comedor escolar con servizo de catering xestionado pola Xunta.

No curso 2023/2024 os grupos de cuarto organízase da seguinte maneira:

O nivel consta con 37 alumnos/as repartidos en 2 aulas situadas no pavillón de Primaria

4º A Mª Yolanda Castro González titora dunha clase de 18 alumnos

4º B Mª Carmen Balado Carballo titora dunha clase de 19 alumnos

Ademais das titoras os mestres que impartirán docencia repártese da seguinte forma:

1 mestre de Educación Musical

1 mestre de Inglés

1 mestre de Educación Física

1 mestra de Relixión Católica

1 mestra en Pedagogía Terapéutica

1 mestra en Audición e Linguaxe

Contamos ademais cos seguintes recursos materiais:

- 1 patio cuberto

- 1 ximnasio

- Unha biblioteca

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no cuarto curso da etapa, polo que conta con nove anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, monte, lagoas, etc. Así como as instalacións do mesmo, como é o caso da horta escolar ou o laboratorio de secundaria.

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar a Área de Ciencias da Natureza que se estrutúrase en catro bloques de contidos que deberán aplicarse en diferentes contextos reais para favorecer unha aprendizaxe holística e competencial do alumnado.

No bloque 1, Cultura científica, o alumnado desenvolve destrezas e estratexias propias do pensamento científico a través da indagación e o descubrimento do mundo que o rodea, poñendo en valor o impacto da ciencia na nosa sociedade. Así mesmo, integra os coñecementos necesarios para o desenvolvemento dos bloques restantes, co que ten un carácter transversal.

O bloque 2, A vida no noso planeta, integra contidos relacionados co funcionamento do corpo humano, a prevención de condutas de risco que provocan enfermidades cotiás no ser humano e a adquisición de hábitos saudables que inciden no benestar físico, emocional e social.

Este bloque engloba tamén as relacións que establecen os seres vivos coa contorna e o coidado da biodiversidade, o coñecemento das características dos animais e das plantas, a súa conservación e o medio no que viven.

O bloque 3, Materia, forzas e enerxía, inclúe as propiedades dos distintos tipos de materia, a experimentación dos fenómenos físicos e químicos, así como os efectos das forzas sobre os obxectos. Desenvólvense as diferentes fontes de enerxía que podemos atopar na contorna, así como as máquinas e aparellos de uso cotián e a enerxía que utilizan, analizando as súas consecuencias ambientais e contribuíndo aos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

O bloque 4, Tecnoloxía e dixitalización, oriéntase de modo transversal ao resto de bloques desde dous ámbitos. Por unha banda, busca habilitar o alumnado no manexo básico dunha variedade de ferramentas e recursos dixitais como medio para satisfacer as súas necesidades de aprendizaxe, de buscar e comprender información, de reelaborar e crear contido, comunicarse de forma efectiva e desenvolverse nunha ambiente dixital de forma responsable e segura. Por outra banda, tamén desenvolve estratexias propias do pensamento de deseño e pensamento computacional para resolver problemas que dean solución a unha necesidade concreta.

A gradación destes contidos, a súa programación e secuenciación non debe seguir necesariamente unha orde cronolóxica determinada, senón que han de traballarse de maneira integrada, adaptándose ás intencións didácticas e demandas formativas que requira o alumnado.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en

cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

Análise dos resultados do curso anterior:

Analizando as cualificacións que fan referencia á área de ciencias naturais , todo o alumnado ten superados os obxectivos da área .

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	. As persoas somos seres vivos	A situación de aprendizaxe que propoñemos coloca o alumnado no centro da aprendizaxe. Incídese en que as persoas somos seres vivos, sinalando como é o noso corpo e como crecemos e cambiamos. Nesta ocasión reflexiónase sobre os cambios que se van producindo nos seus corpos ao longo da vida e sobre o seu funcionamento corporal e sobre a importancia dos hábitos saudables en alimentación, hixiene, ocio e descanso para favorecer un bo desenvolvemento tanto do corpo como da mente	20	14	X		
2	A relación e a reprodución	Nesta ocasión, a situación de aprendizaxe trata de sinalar como usamos os nosos cinco sentidos para explorar o noso contorno e aprender sobre o mundo. Inténtase analizar e comprender como se desenvolven as persoas con discapacidade, reflexionando sobre como é o noso mundo e como nos relacionamos con el mediante a vista, o oído, o olfacto, o gusto e o tacto. Analízase a importancia da reprodución das persoas, como a de todos os seres vivos, e valóranse as experiencias persoais sobre novos nacementos no seu propio contorno	20	14	X		
3	A nutrición é importante	A situación de aprendizaxe permítelle ao alumnado centrarse en que para vivir necesitamos alimentos e osíxeno que tomamos do aire. É importante que cada alumno coñeza como se desenvolve a nutrición e que reflexione sobre a importancia de contribuír a que o aire sexa limpo para que a respiración sexa idónea. Incídese nos aspectos fundamentais da alimentación e en como se desenvolven a dixestión, a circulación e a excreción	20	14		X	
4	Coidas a saúde?	Nesta ocasión, a situación de aprendizaxe trata de investigar sobre o bo estado de saúde dos nosos alumnos e para iso promoverase manter e mellorar hábitos saudables diarios baseados na hixiene, alimentación, exercicio e descanso, así como acudir periodicamente ás revisións médicas recomendadas. Gozar de boa saúde produce que o noso corpo funcione correctamente e que nos sintamos ben tanto física como	15	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Coidas a saúde?	emocionalmente; por iso, tamén é importante coidar as relacións sociais entre o alumnado, procurando que sexan o máis sas e saudables posible.	15	10		X	
5	Forzas e máquinas por todas as partes	Os seres humanos, desde tempos remotos, usamos as máquinas como medio de apoio na gran maioría das nosas tarefas diarias. Na Prehistoria eran ramas ou pedras que tallándoas funcionaban como ferramentas para a caza, pero co avance do tempo foron sofisticándose e automatizándose de modo que mesmo chegan a facer tarefas por nós. Estas máquinas axúdannos en toda clase de tarefas, mellorando considerablemente a vida do ser humano e converténdose en material imprescindible para a vida diaria.	15	10			X
6	Navegamos por Internet	Na actualidade facemos un uso frecuente de Internet para acceder a calquera tipo de información ou medio e interactuar con outras persoas a distancia. Na situación de aprendizaxe desta última unidade do curso, propónselles aos alumnos e alumnas unha serie de medidas que promoven o uso axeitado das tecnoloxías da información e comunicación. Transmitíranse os valores cívicos e sociais necesarios para que o alumnado mostre respecto polas normas de uso, de seguridade e de mantemento e, á súa vez, potenciarase o desenvolvemento do pensamento crítico persoal para que reflexione sobre o uso individual que realiza das redes e outras plataformas.	10	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	. As persoas somos seres vivos	14

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica os resultados das investigacións a través de diferentes formatos comparando os resultados obtidos de forma guiada.	PE	15
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación	TI	85
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca e selecciona información básica para as súas investigacións.		
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñece os órganos e aparellos do corpo.		
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Adopta hábitos de vida saudable		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Xestiona as emocións propias e respectar a dos demais, mostrando empatía.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna. - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, xestión do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais e estratexias para o fomento de relacións sociais saudables. Educación afectivo-sexual. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución. - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
2	A relación e a reprodución	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Identifica os aparellos e órganos do corpo implicados na función de nutrición.	PE	45
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación.		
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos de forma guiada.		
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Coñece e adoptar hábitos de vida saudables para previr enfermidades relacionadas coa función de nutrición e a alimentación.	TI	55
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Xestiona as emocións propias e respectar a dos demais, mostrando empatía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna. - Sistema nervioso e o aparello locomotor. Os ósos, as articulacións e os músculos. Hábitos de hixiene postural nas súas actividades diarias. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución. - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
3	A nutrición é importante	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñece os aparellos e órganos do corpo.	PE	45
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación	TI	55
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca e selecciona información básica para as súas investigacións.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos de forma guiada.		
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Coñece e adoptar hábitos de vida saudables para previr enfermidades relacionadas coa función de nutrición e a alimentación.		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Xestiona as emocións propias e respectar a dos demais, mostrando empatía.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna. - Importancia da función de nutrición para o ser humano e identificación dos aparellos relacionados con ela (dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor). - Pautas para unha alimentación saudable e sustentable. Pirámide dos alimentos e clasificación en función dos seus nutrientes principais. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución. - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
4	Coidas a saúde?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñece os órganos e os aparellos	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación	TI	60
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca e seleccionar información básica para as súas investigacións		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realiza experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos de forma guiada.		
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Coñece e adopta hábitos de vida saudables para previr enfermidades relacionadas coa función de nutrición e a alimentación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Xestiona as emocións propias e respectar a dos demais, mostrando empatía.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Importancia da función de nutrición para o ser humano e identificación dos aparellos relacionados con ela (dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor). - Pautas para unha alimentación saudable e sustentable. Pirámide dos alimentos e clasificación en función dos seus nutrientes principais. - Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima. - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, xestión do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais e estratexias para o fomento de relacións sociais saudables. Educación afectivo-sexual. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución. - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
5	Forzas e máquinas por todas as partes	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identifica as propiedades, características e organización da materia e dos materiais.	PE	60
CA3.4 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identifica problemas ecosociais e propoñer posibles solucións poñendo en práctica hábitos de vida sustentable.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación	TI	40
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e os seus efectos sobre os corpos.	Identifica os efectos da calor nos corpos.		
CA3.3 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Analiza e coñecer os efectos das forzas a través de investigacións e experiencias sinxelas con máquinas simples.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Cambios reversibles e irreversibles que experimenta a materia desde un estado inicial a un final para recoñecer os procesos e transformacións que ocorren na materia en situacións da vida cotiá. - Características e propiedades da calor. Materiais condutores e illantes, instrumentos de medición e aplicacións na vida cotiá. - Forzas de contacto e a distancia. Efecto sobre os obxectos dependendo do seu tamaño, masa e forma. - Máquinas simples, o seu efecto sobre as forzas e aplicacións na natureza e usos na vida cotiá. Planificación e montaxe dalgunha máquina de construción sinxela.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Importancia da calidade do aire e auga da nosa contorna. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución. - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
6	Navegamos por Internet	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación	TI	100
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Constrúe en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Presenta o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolve problemas sinxelos a través do pensamento computacional.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.

Contidos

- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución.
 - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
 - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Para abordar a función de nutrición e os aparatos que nela interveñen ao longo da unidade 2, empregaremos aplicacións de realidade aumentada como "Magic tshirt", que nos permitirá presentar de xeito máis lúdico os contidos e realizar actividades de ampliación e reforzo.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Deste xeito, na unidade 5, realizaremos prácticas sobre os cambios físicos e químicos que experimenta a materia, así como o estudo e experimentación con materiais condutores e illantes de uso cotiá .

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (hábitos saudables para o coidado do aparato locomotor, uso abusivo das tecnoloxías, ...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias. Na unidade 3, o alumnado analizará as etiquetas dos alimentos que consumen habitualmente, comprobando se un alimento é nutritivo ou non, recollendo os datos nunha táboa sinxela que elaborarán nun procesador de textos.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo aplicando rutinas de pensamento a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos contidos, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (Dúas columnas, Opinións enfrontadas, A entrevista, Traballo en equipo, si ou non?,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lectura compartida, Parada 3 minutos, Mapa conceptual a catro bandas, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Xogo de palabras, Estrutura 1-2-4, Crebacabezas...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, circuitos eléctricos, pizarras dixitais, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, cubo mergue, camiseta Tshirt magig...

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch ou Scratux, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

-Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
 - Describir as características básicas dos elementos do medio natural de forma oral ou escrita.
 - Identificar os diferentes tipos de ecosistemas a través de imaxes.
 - Actividades de comprensión e expresión oral e escrita sobre a contaminación e a importancia do coidado do planeta.
 - Busca de información guiada empregando diferentes fontes de información en formato impreso ou dixital.
- A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	20	15	15	10	100
Proba escrita	15	45	45	40	60	0	36
Táboa de indicadores	85	55	55	60	40	100	64

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 20%.

UNIDADE 2: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 20%.

UNIDADE 3: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 20%.

UNIDADE 4: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 20%.

UNIDADE 5: Probas escritas: 40%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 20%.

UNIDADE 6: Probas escritas: 0%. Rúbricas: 55%. Lista de Cotexo: 30%. Escala de observación: 15%

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.4 + nota 2ª avaliación x 0.35 + nota 3ª avaliación x 0.25

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 40% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 60%.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
 - Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas...
 - Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.
 - Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.		X	X			
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X		
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X				
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Mostra teatro de Narón	Obra teatral Gazafhellos	X		
Saída taller de prevención de accidentes E. vial	Actividad impartida pola DXT, Speis Narón, emerxencias	X		
Obradoiro saúde	Taller adicado ao coñecementos de hábitos saudables	X		
Obradoiro cabazas	En colaboración coa Sociedade cultural de San Mateo	X		
Visita AENA Coruña	Visita guíaa aeroporto da Coruña	X		
Saída cine Nadal	Saída ao cine de toda a comunidade educativa	X		
Saída Corax fauna	Centro de conservación de especies		X	
Saída Muiño de Pedroso	Scape room, festa Holi, xogos populares.		X	
Saída Aldea Nova	Taller de medioambiente .			X
Fin de curso ao Parque Ventoso	Parque multiaventuras			X
Actividades intercentros no Pazo da cultura	Actividade modalidade interpretación oral			X
Festival de fin de curso	No paco da cultura onde participa toda a comunidade educativa			X
Participación nas actividades de biblioteca e extraescolares	Festival Nadal, Feira do libro, 8m, 25, entroido...	X	X	X

Observacións:

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado.

Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser:

integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Funcionalidade da programación
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Actividades adecuadas.
Temporalización.
Metodoloxía empregada
Estilo de ensinanza.
Rol do docente.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado.
Outros
Procedementos de avaliación.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010058	CPI do Feal	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	4º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2022/2023, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Centrándonos na idade á que vai dirixida esta programación, en 4º de EP (8 ou 9 anos), o alumnado atópase en plena fase de maduración cognitiva e social. Son capaces de realizar predicións e asumir os roles que lle toca dentro de un equipo. Son capaces de participar en proxectos cada vez máis e complexos e amplían notablemente o seu vocabulario.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como é a Terra?	Os aspectos metodolóxicos máis destacados na unidade servirannos para coñecer mellor o espazo, así como a Terra, o lugar onde vivimos, e para analizar a enerxía que esta posúe e como ás veces se manifesta en terremotos ou erupcións volcánicas, provocando catástrofes. Elaboraremos un volcán e plástica. Analizaremos mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico nun obradoiro de orientación que faremos na saída ao Muíño de Pedroso.	17	17	X		
2	O clima. Como está cambiando?	Coñecerase a importancia da meteoroloxía partindo do rexistro dos elementos. Despois a unidade se desenvolverá aos coñecementos tecnoloxías da información xeográfica (TIX). Faremos unha sección na radio escolar da	17	17	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O clima. Como está cambiando?	<p>predicción do tempo metereolóxico nunha semana.</p> <p>Estableceremos relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. Algunhas características do clima de Galicia o que vai axudar a que o alumnado comprenda mellor os efectos e os danos colaterais que sofre a nosa sociedade debido ao maltrato que exercemos na nosa contorna.</p>	17	17	X		
3	Cantos somos e onde vivimos?	<p>Analizaremos aspectos do noso patrimonio natural e cultural así como as normas para vivir en sociedade</p> <p>Veremos a organización política e territorial de España, así como as principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan.</p> <p>Organización e funcionamento da sociedade.</p> <p>Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos.</p> <p>A organización do territorio en España e en Europa.</p> <p>Nesta unidade faremos un traballo por grupos de investigación e exposición (lapbook distribuindo os diversos temas traballados por equipos).</p>	18	18		X	
4	Producimos de forma responsable?	<p>Os contidos desta UD serán o valor, o control do diñeiro e os medios de pagamento.</p> <p>Sectores do traballos.</p> <p>Faremos unha saída a AENA-CORUÑA: Da supervivencia á sobreproducción. Por iso é importante tomar conciencia das consecuencias dos nosos actos, ser responsables e actuar en consecuencia.</p> <p>Coñeceremos as diferenzas entre parques nacionais, rexionais e naturais.</p> <p>Farase fincapé nos espazos naturais protexidos da nosa contorna: Fragas do Eume ou lagoa de Valdoviño). O seu uso, coidado e conservación.</p>	16	17		X	
5	Coñecemos a Prehistoria?	<p>Analizaremos o tempo histórico: nocións temporais e cronoloxía e localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos.</p>	16	17			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Coñecemos a Prehistoria?	Temas de relevancia na Prehistoria A función da arte e da cultura no mundo da Prehistoria. O patrimonio natural e cultural.	16	17			X
6	O mundo na Idade Antiga.	Analizaremos a Etapa da historia Idade Antiga: pobos prerrománicos , gregos e romanos. Investigaremos sobre as pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Faremos saída ao Centro de Interpretación romano do Caldoval.	16	19			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como é a Terra?	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identifica certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	60
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identifica certas características e elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realiza actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.	TI	40
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Relación dos elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo con determinados fenómenos físicos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - que lle afectan á Terra e repercuten na vida diaria e na contorna. - Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
2	O clima. Como está cambiando?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Cofece diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participa en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.	TI	50
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realiza actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexe o patrimonio natural e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As tecnoloxías da información xeográfica (TIX). A estación meteorolóxica e os seus instrumentos. Relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. Algunhas características do clima de Galicia. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación. - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - O patrimonio natural e cultural. Diferenzas entre parques nacionais, rexionais e naturais. Os espazos naturais protexidos. O seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
3	Cantos somos e onde vivimos?	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñece os principais órganos de goberno.	PE	50
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Interioriza normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Busca e selecciona información, de diferentes fontes.	TI	50
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñece as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexe o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).

Contidos

- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.
- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.
- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.
- Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.
- A organización política e territorial de España.
- Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de España.
- Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.
- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.
- Compromisos e normas para a vida en sociedade.
- Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.

UD	Título da UD	Duración
4	Producimos de forma responsable?	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	PE	60
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñece diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñece as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Busca información de diferentes fontes.	TI	40
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realiza actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e a enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - O valor, o control do diñeiro e os medios de pago. Da supervivencia á sobreprodución. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
5	Coñecemos a Prehistoria?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identifica feitos da contorna social e cultural da Prehistoria	PE	60
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñece persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade antiga, incorporando a identidade de xénero.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realiza actividades no contexto da comunidade escolar.	TI	40
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexe o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - As pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Os museos como espazo de aprendizaxe e gozo. - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. Temas de relevancia na historia (Prehistoria e Idade Antiga). - A función da arte e a cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga.

UD	Título da UD	Duración
6	O mundo na Idade Antiga.	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexe o patrimonio natural e cultural.	PE	60
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identifica feitos do contorno social e cultural da Idade Antiga.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñece persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades da Idade Antiga, incorporando a identidade de xénero.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas.	TI	40
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realiza actividades no contexto da comunidade escolar.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - A función da arte e a cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga. - Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que

fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto do alumno: proxecto "construíndo mundos" da editorial Santillana.
Material elaborado: fichas, guías.
Recursos dixitais: páxinas web, aula virtual do centro.
Vídeos didácticos.
Libro dixital de dita editorial.
Pantalla dixital da aula
Recursos fotocopiáveis.
Biblioteca escolar de aula e do centro.
Genially
Fichas interactivas Liveworksheets
Cube Merge
Kahoot

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará a primeira semana lectivas do curso (3 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	18	16	16	16	100
Proba escrita	60	50	50	60	60	60	56
Táboa de indicadores	40	50	50	40	40	40	44

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerese da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Tamén, empregaremos as diferentes probas escritas (test, preguntas abertas, resposta curta...) ao remate de cada UD.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa na área, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Será importante tamén a planificación de actividades de

reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Se dispoñemos na nosa aula de alumnado repetidor/a, implementaremos un Plan Específico de Apoio en colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X			X
ET.4 - Competencia dixital			X			X
ET.5 - Creatividade					X	X
ET.6 - Emprendemento		X	X			X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X		X		
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X				
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.			X	X		
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao Muíño de Pedroso	Obradoiro de Orientación e horta ecolóxica.	X		
Saída a AENA na Coruña	Visita guiada polo aeroporto da Coruña para afianzar os contidos da U.3		X	
Saída ao MUNCYT	Visitaremos ao Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía		X	
Centro de Interpretación romano do Caldoval.	Coincidindo coa derradeira UD visitaremos o xacemento romano.			X
Saída ao Muíño de Pedroso	Actividades de diversas manifestacións culturais como a Festa Holly....e distintas actividades deportivas.			X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Metodoloxía empregada
Adáptanse as probas e as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas e probas propostas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Elabóranse diferentes actividades e probas segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?
Outros
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Dita avaliación levarase a cabo en dous momentos: durante o desenvolvemento da UD e ao remate da mesma. Estes momentos teñen a finalidade de recoller información obxectiva para modificar ou reorganizar a nosa práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010058	CPI do Feal	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	4º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	61
4.2. Materiais e recursos didácticos	62
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	63
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	65
6. Medidas de atención á diversidade	67
7.1. Concreción dos elementos transversais	68
7.2. Actividades complementarias	70
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	71
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	72
9. Outros apartados	72

1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 4º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 2º CICLO (8 a 10 anos).

- Ámbito cognitivo: atópase en plena etapa do período das operacións concretas, o que supón que razoan lóxicamente, xa non emiten xuízos intuitivos propios do período anterior. Agora ben, o seu razoamento está vencellado á manipulación dos obxectos aos que éste se refire.

- Ámbito motor: teñen cada vez máis relacións co mundo que os rodea. Neste período, mostran unha maior forza e unha gran progresión na coordinación motora.

- Ámbito afectivo-social: nesta idade, ábrese a persoas e costumes diferentes ás súas, na que actúan de modo cada vez máis autónomo, poñéndose eles mesmos os seus fins e organizando as súas accións por sí solos en función dos seus proxectos e obxectivos. Nesta etapa advírtese unha segregación entre sexos, producíndose unha clara

diverxencia entre os xogos dos nenos e das nenas. Neste período, o grupo organízase para converterse no verdadeiro centro da vida escolar.

* CONTEXTUALIZACIÓN.

- Centro: CPI do FEAL
- Unidades: 18 (3 en EI e 15 en EP)
- Curso: 4º A
- Nº alumnos/as: 18 (8 nenas e 10 nenos).
- Curso: 4º B
- Nº alumnos/as: 19 (8 nenas e 11 nenos)
- Contorna:
- Instalacións: ximnasio, patio cuberto, polideportivo, patio exterior, zona verde no exterior.
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Preparados, listos, xa!!!	Como ao principio de cada curso, unidade didáctica destinada a coñecer ao alumnado e entre eles, coa finalidade de expresarse correctamente, e tamén fomentando o compañeirismo e a confianza consigo mesmo e cos demais membros do grupo. Lembraremos tamén as normas básicas que rexirán para un bo desenvolvemento das clases de Educación Física.	2	2	X		
2	Saudeándonos.	Unidade enfocada a interiorizar hábitos saudables que xa se coñecen, e outros novos, coa finalidade de que os asimilen e apliquen durante a súa vida.	10	3	X		
3	Sen vergoña!	Unidade destinada a establecer pautas sinxelas e máis complexas que teñen que ver coa expresión e comunicación corporal, traballando a autoestima e a autoconfianza nun mesmo. Tentaremos expresar ideas, sentimentos cada vez máis complexos.	5	4	X		
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Padróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
12	BOOKCLUB	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Levar a cabo o exposto no criterio de avaliación pero con axuda.	TI	100
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, poñendo especial atención á intención comunicativa da mensaxe.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar, con axuda, en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Levar a cabo o exposto no criterio anterior pero con axuda.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Respectar e amosar interese ante situacións interculturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a

Contidos

- comunicación fluída.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As bases metodolóxicas que inspiran este proxecto son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus coñecementos previos; centrándonos no que lles resulta familiar e cercano pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar e o interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que lle axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe competencial intenta conseguir o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar ao alumnado para que poda afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só adquiren uns coñecementos, senón que serán capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por isto é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características das persoaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das grabacións.

Este proxecto caracterízase pola flexibilidade, de xeito que todos os integrantes do grupo podan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día.

Tamén está presente no proxecto, o apoio para aqueles alumnos que o necesiten, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos propostos, así coma nos casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que corran o risco de desmotivarse, perdendo así o interese pola lingua estranxeira (reinforcement/extension activities)

Estableceremos este proxecto como unha aprendizaxe baseada na actividade dos alumnos. Cada unha das unidades contempla diversas actividades e recursos para fomentar a actividade e participación do alumnado.

O alumno será o centro do proceso de ensinanza-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor.

Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa o alumno/a debendo: iniciar o input da lingua, axudando ao alumno/a na interacción cos demais, avaliar o que fan os alumnos, proporcionar feedback, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Consideraremos o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

A aprendizaxe globalizada xenera o desenvolvemento da realidade coma un todo nos alumnos. Esta programación ofrece actividades interrelacionadas con outras materias e áreas curriculares, empezando polo coñecemento de si mesmo e continuando coa exploración do mundo que o rodea.

Defenderemos unha aprendizaxe permanente do alumnado. Con todo o que o alumno aprende nas diferentes áreas

(e non só na institución escolar) constrúe un bagaxe cultural e de información que lle servirá para o conxunto da súa vida, e debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas.

ACTIVIDADES

-Actividades de inicio de lección

Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van a traballar ou de repasar os que xa traballaron. Isto farase a través de actividades de brainstorming ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte audiovisual, etc.

-De desenvolvemento da lección

Cada unha das unidades do método inclúe diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son:

- O vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais que se desenvolven na unidade didáctica (Vocabulary).

- Lectura e comprensión de textos (Reading).

- Estruturas gramaticais (Grammar).

- Sons estudados (Pronunciation).

- Comprensión e expresión oral da lingua en todas as súas vertentes (Listening and Speaking).

- Comprensión e expresión escrita (Writing).

- De reforzo e ampliación

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos os alumnos podan atopar algún que este de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

- De desenvolvemento de Competencias clave

Algunhas actividades contribúen máis especificamente ao desenvolvemento dunha ou varias Competencias clave, entre as que se incluírían:

- Brainstorming

- Role-plays

- Actividades interactivas

- Actividades na pizarra co Ipack.

- Actividades baseadas en distintos soportes

- Actividades de investigación ou estudos de casos

- Actividades en grupo

- Interpretacións de datos, gráficas, etc.

- Textos culturais, cancións, rimas, etc.

- Actividades nas que se traballan as emocións

- De avaliación

A avaliación da aprendizaxe será continua e global e terá en conta o progreso do alumno no conxunto de áreas do currículo. O profesor/a avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o su nivel de consecución de competencias como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

As actividades de avaliación clasifícanse en varios niveis.

Actividades de avaliación formativa, onde o profesor/a avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:

- Exercicios no Activity Book

- Actividades de repaso de cada dúas unidades: i-Progress Check

Actividades de avaliación sumativa coa realización das diversas actividades de avaliación do método:

- Unit tests 1-6 (Standard - Challenge)

- End-of-term 1-3 (Standard - Challenge)

- End-of-year test (Standard - Challenge)

Actividades de autoavaliación e autoestudio, nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:

- O self-evaluation de cada unidade: Self Evaluation (AB).

ORGANIZACIÓN DO TEMPO, AGRUPAMENTO E ESPAZOS.

A aprendizaxe da lingua estranxeira, realizarase na propia aula de referencia do alumnado, contando cun equipo informático, alt falantes, PDI e conexión a internet, para un correcto desenvolvemento das sesións e aproveitamento de todos os recursos.

Distribuiranse as unidades en tres sesións semanais de 50 minutos.

En canto á distribución do alumnado dentro da aula, esta variará dependendo da actividade a realizar.

Moitas das actividades serán realizadas de pé ou en movemento pola aula, outras serán individuais, cada quen no seu pupitre, outras en grupo, por parellas...etc.

Haberá tamén outras actividades que implicarán outros entornos ou ámbitos como o patio do centro ou o contexto familiar. Para isto último é moi importante, a utilización da aula virtual, tanto na aula como na casa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Ipack (contido dixital Amazing Rooftops 4)
2- Aula virtual
3- Activity Book
4- Xogos interactivos, en internet ou na propia aula.
5- Libros de lectura ou "storytelling" na rede de internet.
6- Flashcards.
7- Ferramentas de elaboración de materiais
8- Encerado dixital interactivo. Smartboard
9- Uso dos medios audiovisuais cos que conta a escola
10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar
11- Vídeos
12- Rimas e cancións
13- Actividades DUA
14- Xogos con robots educativos na aula.

1- Ipack (contido dixital Amazon Rooftops 3)

Utilizarase diariamente, paraa presentación de vocabulario, storytelling, cancións, práctica de novas estruturas gramaticais a través de disitintos xogos, proxectos, correccións do Activity Book...etc

2- Aula virtual.

Serviranos tanto como recurso educativo para repasar contidos traballados na aula, realización de tarefas online, proxectos...etc, como para manter unha axeitada comunicación entre familia e escola (publicaranse nela as distintas actividades a realizar, datas de probas...etc)

3- Activity Book.

Caderno individual para practicar e revisar todos os contidos traballados durante as sesións.

4- Xogos interactivos, en internet

Colgaranse na aula virtual, distintos enlaces a xogos online para practicar na aula, ou dende a casa, os contidos traballados.

5- Libros de lectura ou "storytelling" na rede.

A aula de inglés conta cunha biblioteca de contos en inglés, adaptados á súa idade e intereses que nos servirán de recurso, dependendo do contido a traballar.

Neste curso, crearase no corredor de 3º e 4º, o recuncho lector, unha mini biblioteca onde poderán atopar libros en inglés, revistas ou publicacións, así como xogos en inglés que poderán utilizar/consultar, nalgúns momentos das sesións. Deste xeito, ampliamos o espazo da aula ao corredor e tamén ao patio, entendendo todo o centro coma un espazo de aprendizaxe.

Tamén se utilizarán distintos enlaces a contos publicados na rede, para traballar sobre todo a destreza de "listening".

6- Flashcards

En cada unidade, utilizarase un xogo de flashcards e wordcards con todo o vocabulario relacionado.

Realizaremos distintos xogos con elas como:

- What's missing?
- Match in pairs
- Guess the line
- Match numbers and pictures.
- Guessing games

7- Ferramentas de elaboración de materiais.

Introducírase ao alumnado no uso de distintas ferramentas dixitais para a presentación de tarefas/proxectos como:

- Canva
- Powerpoint
- Word
- Popplet
- Ferramentas que nos ofrece a Consellería nas propias aulas virtuais.

8- Encerado dixital interactivo. Smartboard.

Instalado na aula de referencia para uso diario durante as sesións. Permite o uso do ipack, así como actividades interactivas, xogos, escoita de cancións, visualización de fragmentos de vídeo, búsqueda de información, realización de paneis colaborativos....etc.

9- Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola.

O vídeo como ferramenta, para presentación de proxectos, pero tamén para gravarnos e analizar as gravacións, escoitándonos nunha lingua estranxeira.

A sala de informática, para tarefas grupais que requiran o uso dun ordenador por cada certo número de alumnos/as.

A radio escolar para a publicación de pequenos podcast en inglés, adaptados á súa idade.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

O aproveitamento do patio como recurso educativo é algo que intentaremos fomentar neste curso, entendendo o patio coma unha prolongación da aula e realizando nel varias actividades de aprendizaxe durante o curso.

11- Videos

Integrados no noso propio proxecto (Ipac) ou publicados na rede, atendendo á demanda de intereses do alumnado que vaian xurdindo co transcurso das sesións.

12- Rimas e cancións.

Permítenos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

13- Actividades DUA.

Actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

14- Xogos con robots educativos na aula (elaboración de plantillas)

O uso dos m-bot na aula como recurso de ampliación/reforzo resulta moi positiva xa que aprenden a lingua estranxeira dunha forma lúdica.

Os propios alumnos/as poden axudar tamén no proceso de elaboración das distintas plantillas para, posteriormente, xogar cos m-bot.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso farase unha avaliación de diagnose no grupo de alumnado centrada en coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión oral e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Neste proceso pódense recoller evidencias tales coma contidos adquiridos noutros anos (probas escritas), e actividades orais (xogos, actividades online, listenings) de intercambio de información en gran grupo ou individualmente.

O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	5	5	10	10	5	10	10
Proba escrita	25	30	40	0	30	50	40	0	75	30
Táboa de indicadores	75	70	60	100	70	50	60	100	25	70

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	100
Proba escrita	0	0	29
Táboa de indicadores	100	100	71

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Educación Primaria será global, continua e formativa. Terá en conta o grado de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, nada máis detectar as dificultades, con especial seguemento á situación do alumnado con necesidades educativas especiais,

con dificultades específicas de aprendizaxe ou con integración tardía no sistema educativo.

Estas medidas estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo, cos apoios que cada un precise.

Na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberán terse en conta como referentes últimos, dende todas e cada unha das áreas, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grado de adquisición das competencias clave previstas no perfil competencial.

Se partimos de que as competencias supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación, e, nestas situacións, o habitual é que o alumno se sirva dese bagaxe acumulado (todo tipo de contidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas.

En función do obxectivo que perseguimos ao avaliar, contamos con varias modalidades, como é o caso da avaliación sumativa, realizada en diferentes momentos do curso e que tendemos a identificar cos finais de avaliación e de curso. Haberá outras avaliacións, como a inicial (non calificada) e a final e, sobre todo, a continua ou formativa, aquela que se realiza ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, por tanto, no carácter orientador e de diagnóstico da ensinanza.

Además de avaliar a aprendizaxe do alumno, tamén se avalía o proceso de ensinanza do profesorado.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

O currículo propón unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso da avaliación formativa, serán a observación e seguemento sistemático do alumno, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades da clase, lecturas e resumos, investigacións, situacións de aprendizaxe, actitude ante a aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros.

No caso da avaliación sumativa, serán as probas escritas e orais. En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de forma que podan adaptarse á flexibilidade que existe a propia avaliación.

O currículo establece uns criterios de avaliación por área e curso que nos permiten avaliar a adquisición das competencias específicas da materia.

Para poder avaliar aos alumnos, o profesorado necesita unha serie de instrumentos que lle permitan obter uns datos concretos. Os instrumentos que creemos máis indicados para a obtención deses datos, serán: observación, proba escrita, proba oral, caderno de clase, portfolio...

Considerando o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira, a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe, en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno e alumna.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Cando se detecte, nalgún alumno/a algunha carencia ou necesidade, procederase a aplicarlle unha atención máis individualizada e/ou reforzo educativo de ser o caso.

6. Medidas de atención á diversidade

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO.

Un dos elementos que máis potenciaba a LOE e continuamos potenciando coa LOMLOE é a atención á diversidade. É evidente que unha mesma actuación educativa exercida nun mesmo grupo de alumnos produce efectos diferentes en función dos coñecementos e experiencias previos de cada un deles, as súas capacidades intelectuais, así como os seus intereses e as súas motivacións ante a ensinanza.

Por esta razón, en ocasións, é preciso unha modificación ou adaptación dos contidos/metodoloxía para que todos os alumnos podan alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de ampliación para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos.

A atención á diversidade debe levarse a cabo sempre nos dous sentidos, para isto, deberemos atender a estas diferencias, presentando as mesmas actividades de forma diversa.

Os profesores deben ter en conta estas diferenzas, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e planificar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten. A modo de exemplo citamos as seguintes:

* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. .., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

-Terán á súa disposición o uso da aula virtual como instrumento de reforzo e apoio á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PREVISTOS PARA REALIZAR AS ADAPTACIÓNS CURRICULARES APROPIADAS PARA OS ALUMNOS/AS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

As adaptacións centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis personalizada
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe
4. Mellorar os procedementos, hábitos y atitudes
5. Aumentar a atención individualizada.
6. Enriquecemento curricular
7. Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e material de ampliación axeitado ás necesidades destes alumnos que lles permitan desenvolver ao máximo as súas capacidades.

b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con proveito os seus estudos.

c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e atitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou de material considerados como tales.

Cando non bastan as adaptacións, temos a diversificación curricular, por medio da cal un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar ese tempo noutro tipo de actividades educativas, ben as ofertas en espazos de optatividade, ben actividades deseñadas especialmente para el/ela, que se poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comunicación audiovisual eTIC	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación cívica e constitucional	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comunicación audiovisual eTIC	X	X	X	X
ET.2 - Emprendemento	X	X	X	X
ET.3 - Educación cívica e constitucional	X	X	X	X

Observacións:

COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E TIC

As nosas sesións brindan aos alumnos as ferramentas que necesitan para comunicarse axeitadamente en diferentes contextos, incluída a comunicación online. Ao aprender unha lingua estranxeira, é importante estar exposto a unha variedade de recursos e xéneros de produción oral e escrita. O uso regular dos recursos de aprendizaxe dixital, incluídos os sitios web e os materiais da pizarra interactiva, súmase directamente ao desenvolvemento desta competencia. As actividades baseadas na web, utilizadas nas aulas de lingua estranxeira axudan ao desenvolvemento da avaliación crítica.

EMPRENDEMENTO

O método fomenta o traballo en equipo na aula, a xestión de recursos persoais e as habilidades sociais, como a cooperación e a negociación. Aléntase aos alumnos a adoptar procedementos que lles permitan usar as súas propias iniciativas e habilidades de toma de decisións durante a planificación, organización e xestión do seu traballo. As tarefas que requiren que os alumnos traballen en parellas ou en pequenos grupos, ou que realicen proxectos cortos ou situacións de aprendizaxe, requiren cooperación, flexibilidade e xestión do tempo.

EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL

A participación activa na sociedade e a exitosa vida laboral son parte integral da competencia social. Desenvolver unha conciencia de respecto por un mesmo, así como as diferentes costumes e formas de pensar dos demais, é una parte esencial disto. A natureza de moitas actividades que forman unha parte central da ensinanza de linguas estranxeiras require que os alumnos interactúen con outros alumnos na clase de xeito cooperativo. As tarefas que personalizan a aprendizaxe pedíndolles aos alumnos que respondan preguntas sobre si mesmos ou expresen as súas opinións tamén son relevantes para a adquisición da competencia social.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Sen concretar.	X	X	X
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións da escola.	Samafín, magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	X
Proxectos Etwinning	Proxectos de aula en colaboración con outros centros escolares europeos	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programación didáctica. Axeitouse completamente ás necesidades do grupo-clase.
Traballáronse os temas transversais da materia.
Alcanzáronse os obxectivos da materia programados para este curso.
Logrouse o desenvolvemento das competencias relacionadas con esta materia.
A práctica docente foi satisfactoria. Deseñáronse plans de mellora da práctica docente.
O resultado da avaliación foi positiva nesta materia.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os materiais e recursos didácticos foron os axeitados.
A distribución de espazos e tempo foi o axeitado á nosa metodoloxía e métodos pedagóxicos.
Medidas de atención á diversidade
Plans de mellora. Adoptáronse ou non medidas de mellora en función dos resultados académicos obtidos.
Adoptáronse as medidas de atención á diversidade axeitadas.

Descrición:

Na avaliación de cada trimestre, no mesmo momento que se procede a avaliar ao alumnado, avaliaremos tamén a nosa práctica docente, establecendo melloras naqueles aspectos que non cumpran os obxectivos propostos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010058	CPI do Feal	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	35
4.2. Materiais e recursos didácticos	36
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	37
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	37
6. Medidas de atención á diversidade	39
7.1. Concreción dos elementos transversais	39
7.2. Actividades complementarias	41
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	42
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	43
9. Outros apartados	43

1. Introducción

A Programación anual que se presenta a continuación, está destinada ao alumnado de 4º de Educación Primaria do CPI do FEAL.

O nivel conta cun alumnado de 37 nenos e nenas de nove anos repartidos en dúas liñas de 18 e 19 respectivamente.

A lingua predominante destas familias é o castelán.

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aqueloutras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

A área de Lingua Galega e Literatura artículase en seis bloques:

- A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua galega, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Tes boas amizades?	Lectura, comprensión e entoación. Dar ánimos. O dicionario. A acentuación nas palabras agudas. A lingua como ferramenta de comunicación. Poemas sobre a amizade: medida nos versos. Dar consellos	8	11	X		
2	A que xogamos?	Lectura, comprensión e entoación. Explicar un xogo. Clases de dicionarios. A acentuación nas palabras graves. A oración, o parágrafo e o texto. Regras dun xogo: os títulos e os subtítulos. Elaborar un horario para o tempo libre.	8	12	X		
3	Como te sentes?	Lectura, comprensión e entoación. Expresar emocións. Palabras polisémicas e homónimas. A acentuación nas palabras esdrúxulas. A oración: estrutura e clases. Poemas: a rima. Rima consoante e rima asoante. Escribir un diario persoal.	9	13	X		
4	Comemos san?	Lectura, comprensión e entoación. Pedir con educación. Palabras sinónimas e antónimas. A acentuación de ditongos e hiatos.	7	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Comemos san?	O grupo nominal. Unha infografía: as gráficas. Crear un anuncio sobre alimentación.	7	11	X		
5	Fainos falta?	Lectura, comprensión e entoación. Discutir con respecto. Palabras primitivas e derivadas. Sons e letras. O substantivo. As clases de substantivos. Os recursos literarios: personificación e hipérbole. Contarás chistes.	8	11		X	
6	Que vemos nas pantallas?	Lectura, comprensión e entoación. Resumir o argumento unha serie. Os prefixos. A grafía h. Os determinantes I: artigos, demostrativos e posesivos. Un foro: as emoticonas. Facer unha crítica dun programa.	9	13		X	
7	De onde proveñen?	Lectura, comprensión e entoación. Facer comparacións. Os sufixos. O son B. A grafía B. Os determinantes II: numerais e indefinidos. Os recursos literarios: comparación e metáfora. Expoñer resultados dunha análise.	7	11		X	
8	Que uso facemos da tecnoloxía?	Lectura, comprensión e entoación. Dar instrucións. Clases de sufixos. O son B. A grafía V. O adxectivo Os graos do adxectivo. Un artigo de opinión: feitos e opinións. Elaborar un cartel.	10	12		X	
9	Coñecemos os demais?	Lectura, comprensión e entoación. Contrastar puntos de vista. Palabras simples e compostas. A partición e palabras. O guión. O grupo verbal. Teatro: diálogos e anotacións. Prepara a exposición dos traballos do proxecto para a Feira do Libro	8	12			X
10	Que quere, pode?	Lectura, comprensión e entoación. Expresar desexos. As siglas. A coma e o punto e coma. O verbo: raíz e desinencias. Biografía: selección de datos. Presentar unha persoa admirable.	8	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	E se foses ti?	Lectura, comprensión e entoación. Dramatizar situacións. Os extranxeirismos. Os dous puntos e a raia. O verbo: número e persoa. Teatro a obra teatral: acto e escena. Facer unha reclamación.	9	12			X
12	Sabemos convivir?	Lectura, comprensión e entoación. Comentar un poema. O campo léxico. Os puntos suspensivos. O verbo: tempo e modo. Un cómic: elementos do cómic. Preparar unha canción para participar no Festival fin de curso.	9	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Tes boas amizades?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.	Emprega as dúas linguas oficiais nas propias producións.	PE	50
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le e extrae a idea dun conto escrito adecuado ao nivel.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	Escribe texto sinxelo integrando recursos gráficos (ilustración).		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Recoñece palabras agudas, graves e esdrúxulas. Acentúa correctamente palabras agudas, graves e esdrúxulas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Relaciona adxectivos co substantivo correspondente, atendendo ao xénero e número. Recoñece distintos tipos de substantivos		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiroa/as. Identifica a lingua empregada.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Escoita un texto e identifica as características fundamentais do que nel se describe.		
CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Busca contos na biblioteca de aula adecuados aos seus gustos		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Participa na lectura colectiva de contos.	TI	50
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Le un conto en prosa e outro en verso identificando diferenzas formais. Velocidade lectora adecuada ao 4º curso de primaria.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Le o mesmo conto en castelán e galego.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Atopa palabras no dicionario. Separa correctamente en sílabas unha palabra dada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia.

Contidos

- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma

Contidos

- e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
2	A que xogamos?	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoita diversos tipoloxía textos e diferencia uns dos outros. Comprende a idea principal. Expresa sentimentos	PE	55
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Emprega con corrección os dou puntos e a raia ca ndo cómpre.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Emprega correctamente o verbo en concordancia co número e persoa.		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiroa/as. Identifica a lingua empregada.	TI	45
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta aos compañeiros/as.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Escoita e extrae o sentido global dun texto oral.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Participa na elaboración dun debate sobre unha situación inxusta		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Respecta o turno dos falantes. Participa activamente nunha situación dialogada.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria y respectuoso.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Expón diferenzas atopadas en noticias de prensa escrita e buscadas en internet.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Busca a mesma noticia en galego e castelán. Extrae as ideas principais.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Participa nunha lectura colectiva, coa entoación adecuada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión lingüística para achegarse á súa contorna. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Procesos: interacción oral - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias. - Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. - Procesos: produción oral - Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Procesos: comprensión lectora - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. - Procesos: produción escrita - Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
12	Sabemos convivir?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le e comprende un texto dado, respondendo preguntas de comprensión sobre o mesmo.	PE	55
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Recoñece os elementos dun cómic		
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, cuidando a presentación.	Expresa en frases sinxelas as instrucións dun proceso.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece os elementos dun cómic.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Utiliza correctamente o tempo e o modo dos verbos en galego, diferenciándolos dos tempos en castelá. Utiliza puntos suspensivos nas producións.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Recoñece palabras en galego que pertencen ao mesmo campo léxico		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprende a idea principal dun texto informativo.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Narra ordenadamente feitos acontecidos durante o curso.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece nos cómics palabras ou textos discriminatorios.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Mellora a velocidade lectora en textos do seu gusto.	TI	45
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa no Festival fin de curso coa canción proposta polo nivel.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Le un cómic de autores galegos e expresa dúas razóns polas que lle gustou.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce textos sinxelos para a canción proposta para o Festival fin de curso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.

Contidos

- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen intereses e gustos.
- Procesos: produción oral
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante: o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos, e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Lingua Galega e Literatura:

Os alumnos han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar o alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Centramos a orientación nesta área na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata do neno.

Todo o traballo se encamiña a proporcionarlle recursos de comunicación:

-A escritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación con un contexto de aprendizaxe motivadora e se abordan dunha maneira progresiva.

-A expresión oral: mediante a participación na clase favorecese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses, etc. O profesor fomenta distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Mediante o xogo e a simulación os alumnos e alumnas descubren as posibles actitudes comunicativas.

-A comprensión lectora: O alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituintes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos, etc...). Así o alumno comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e mensaxes connotativas.

-A expresión escrita: desenvolvemos a tipoloxía textual, co fin de que o alumno sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; ademais aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto.

Presentamos os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade y aplicación práctica.

Esto favorece a súa asimilación, posto que no se plantexan como obxectos estranos, susceptibles de ser memorizados, senon como unha axuda máis para a comunicación.

Os contidos da área de Lingua Galega están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas dende a teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os alumnos iníciense no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

A elaboración de proxectos de traballo cooperativo constitúe unha forma de aprendizaxe significativa e auténtica, cos que se potencia:

- O respecto hacia os seus compañeiros.
- A responsabilidade individual e colectiva.
- A comunicación entre os membros do grupo.
- O reparto de responsabilidades.
- A diversidade enriquecida polas contribucións individuais.
- O análise crítico da información.
- A capacidade de síntese.
- A mellora das aprendizaxes.

Secuenciación da aprendizaxe cooperativa:

1º trimestre: Promover a cohesión do grupo, establecer normas de funcionamento e practicar unas primeiras estruturas de traballo cooperativo.

2º trimestre: Asignar roles dentro do grupo, reforzar as habilidades sociais para a cooperación e introducir a autoavaliación dos equipos de traballo.

3º trimestre: Traballar en equipos estables, incorporar estruturas cooperativas máis complexas e avaliar a dinámica dos equipos.

A ensinanza individualizada promove que cada alumno traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Por eso é importante establecer un plan que os axude a superar a súas dificultades, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades.

Centraremonos nunha metodoloxía flexible e inclusiva, dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adapten as necesidades particulares dos alumnos.

Dispoñemos de materiais didácticos específicos para utilizar en función das condicións concretas de cada neno ou nena, así como dos obxectivos de mellora que se plantexen en cada caso.

O carácter multidisciplinar de moitas das competencias parte da concepción do currículo como un conxunto que abarca as diversas áreas e materias, polo que se require unha gran coordinación docente onde o traballo en equipo de todos os docentes ha de ser unha constante.

Fomento da lectura.

O plan lector do noso centro intenta promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias.

Propoñemos un libro de lectura do seu gusto que traigan da casa para o 1º trimestre. No 2º trimestre un libro de lectura en castelán e o outro en galego no 3º trimestre.

Dedícanse un tempo de trinta minutos diarios á lectura na clase ou na biblioteca do centro distribuídos así:

- Hora de lectura, un tempo de vinte minutos diarios no que todo o centro está realizando lectura silenciosa.
- Outros dez minutos diarios, que se desenvolven ao longo das actividades planificadas, según as necesidades que xorden da programación diaria do profesor.

A biblioteca escolar do centro, como elemento fundamental no ensino-aprendizaxe, ten unha organización que favorece o seu uso por parte do todo o alumnado e de todo o profesorado. Cada aula ten garantizada unha hora semanal para o seu uso exclusivo. Ademais diso, os seus fondos nutren as bibliotecas de aula que poden cambiarse no momento en que o profesorado o considere oportuno.

A biblioteca en colaboración cos titores planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo e cos criterios xerais que se establezan na Programación Xeral Anual, especialmente no referente ao tema núcleo anual

A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

Os que traballaremos en cuarto son: descritivos, narrativos (conto, fábula, lenda, biografía, novelas de aventura e fantasía, banda deseñada, adiviñas, noticias xornalísticas, etc.) instrutivos (receitas, normas etc.) e poesía.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto do alumno: proxecto "construído mundos" da editorial Santillana.
-Material elaborado: fichas, guías.
Recursos dixitais: páxinas web, aula virtual do centro.
Vídeos didácticos.
Libro dixital de dita editorial.
Pantalla dixital da aula.
Diccionario de lingua galega.e versións dixitais

Murais ortográficos e de vocabulario.
Recursos fotocopiáveis.
Biblioteca escolar de aula e do centro.
Genially
Material funxible.

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados. Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa.

Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferete tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección e que están plasmadas na seguinte guía de valoración de materiais curriculares.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezar o curso realizarei unha avaliación inicial da área a cal estou a traballar.

Mediante esta avaliación acadarei a información que preciso dos meus alumnos/as, sabendo así tanto o nivel no que se atopa cada un/unha deles/as así como dos contidos dos que parten mediante:

- Lectura en voz alta para ver o grado de entoación, velocidade e ritmo.
- Ficha de comprensión lectora, coa cal saberei o grado no que se atopa.
- Ditado, mediante o cal poderei comprobar a grafía, faltas ortográficas, o orden, signos de puntuación e a unión e separación de palabras.
- Redacción para ver a súa forma de expresarse.
- Copia, para ver o seu grao de atención ao copiar.
- Aspectos gramaticais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	9	7	8	9	7	10	8	8
Proba escrita	50	55	55	50	50	50	55	50	50	55

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	9	7	8	9	7	10	8	8
Táboa de indicadores	50	45	45	50	50	50	45	50	50	45

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	100
Proba escrita	55	55	52
Táboa de indicadores	45	45	48

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

-Realizaremos unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta o peso orientativo asignado a cada criterio de avaliación.

-Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala do 1 ao 5 como posible resposta.

Así na unidade 1, o 50% da cualificación virá dada por unha proba escrita, e o 50% restante mediante unha táboa de indicadores. E do mesmo xeito no resto das unidades.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas: -Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado. -Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión - Partiremos do nivel de cada alumno/a. -Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible. - Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora. As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algúns estudantes. O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. En todo caso intentarase: -Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a. -Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade. -Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido. De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avlíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. Reciben este tipo de reforzo aqueles/as alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, fundamentalmente nas áreas de alto contido instrumental como é o caso da lingua castelá.

Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica e, se é o caso, por parte da mestra de audición el linguaxe.

En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos/as alumnos/as en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

Para alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, elaborárase un plan específico de reforzo como se recolle no artigo 50 da Orde 8 setembro 2021 de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade.					X			X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X						
ET.7 - Educación para a paz.	X	X						

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.						X	X	
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X			X			X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade.		X		
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X			X
ET.7 - Educación para a paz.	X		X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X		X	
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).				

Observacións:

Aínda que todos os elementos trasnsversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro.

Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos do alumnado, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos/as alumnos/as máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Mostra de teatro en Narón	Obra teatral Bon Apetito Gazafhellos	X		
Saída Cine en Nadal	Saída ao Odeón onde participa toda a comunidade escolar	X		
Obradoiro saúde	Taller adicado ao coñecemento de hábitos saudables	X		
Saída Taller de prevención de accidentes, E. Vial	Actividades impartidas pola DXT, Speis Narón, Emerxencias	X		
Saída ao Muíño de Pedroso	Actividade de orientación	X		
Obradoiro de cabazas	Participación coa Asociación cultural veciñol de San Mateo.	X		
Visita AENA na Coruña	Visita guiada polo aeroprto charlas das distintas profesións neste sector		X	
Saída a Aldea Nova	Taller de medioambiente actividades de reflexións e coidado do medio		X	
Saída a Corax faunia	Centro de conservación de especies		X	
Saída ao Muíño e Pedroso	Scape room, festa Holi e actividades xogos populares			X
Fin de curso ao Parque O Ventoso	Actividades multiaventuras e actividades de contacto coa natureza, coidado de animais.			X
Actividades Intercentros no Pazo da cultura	Actividades modalidade canción interpretación oral			X
Festival fin de curso	Participación no festival no Pazo da Cultura de toda a comunidade educativa.			X
Pariticipación nas actividades da biblioteca e extraescolares	Festival de Nadal, Feira do Libro. Día das bibliotecas, booktubers, Dia da muller	X	X	X

Observacións:

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado.

Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Motivación inicial do alumnado mantendo o seu interese.
2. Motivación ao longo do proceso para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Metodoloxía empregada
3. Presentación axeitada e motivadora dos conceptos.
4. Actividades variadas na aula.
10. Seguimento (control do proceso de Ensinanza-Aprendizaxe).
13. Uso de distintos instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
6. Recursos variados para a presentación de contidos e realización de tarefas.
7. Organización da aula, cunha boa organización do tempo e dos agrupamentos.
Medidas de atención á diversidade
5. Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado.
8. Instrucións e orientacións ao traballo do alumnado.
11. Atención á diversidade con medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado.
Clima de traballo na aula
9. Clima de traballo favorecedor para o fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
2. Medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado NEAE.

Descrición:

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Os items relacionados preséntanse en táboas que conteñen unhas casiñas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles. A continuación analizaranse nunha posta en común do profesorado do nivel ao remate de cada avaliación. Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos correxir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente, as respostas ás seguintes cuestións (que se valoran entre 1 e 5) e os resultados académicos existentes, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.

Cuestións:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
16. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
17. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
22. Contribución ao plan de lectura do centro.
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010058	CPI do Feal	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	34
4.2. Materiais e recursos didácticos	35
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	36
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	37
6. Medidas de atención á diversidade	38
7.1. Concreción dos elementos transversais	38
7.2. Actividades complementarias	39
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	40
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	41
9. Outros apartados	41

1. Introducción

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.

Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro de profesorado.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

Número de alumnas e alumnos e distribución:

O nivel conta cun total de 46 alumnos e alumnas. O nivel de 4ºA agrupará a 18 alumnos/as e o de 4ºB a 19 alumnos/as.

Análise dos resultados do curso anterior:

Todo o alumnado procede de 3º de EP. Analizando as cualificacións que fan referencia á área de matemáticas, todos alcanzaron os obxectivos menos dúas nenas : unha nena que ten AC e tampouco acadou os obxectivos propostos nesa AC e outra nena que veu doutro colexio.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	NÚMEROS DE CATRO e CINCO CIFRAS	Nesta unidade partimos da imaxe dunha viaxe en familia por Europa para chegar á interpretación e elaboración dun grupo e un itinerario de viaxe. Trátase de que o alumnado reflexione sobre os grupos e itinerarios das viaxes e, a medida que avance no estudo da unidade, esta situación de aprendizaxe permitiralle entender e contextualizar as matemáticas como recurso para interpretar diferentes situacións da súa contorna.	5	10	X		
2	SUMAS E RESTAS	A unidade parte da presentación dunha viaxe a unha granxa escola. Devandito grupo centra as súas tarefas no coidado dos animais e na realización de diversos talleres. A partir de aquí, abórdanse saberes relacionados coa suma e réstaa	5	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	SUMAS E RESTAS	que ofrecen ferramentas ao alumnado para analizar as tarefas que levan a cabo á hora de preparar unha viaxe e durante o transcurso de leste. As matemáticas convértense nesta situación de aprendizaxe nun soporte para comprender mellor o contexto e as posibles accións orientadas a cumprir o devandito obxectivo	5	10	X		
3	A MULTIPLICACIÓN	A unidade parte dun escenario no que unha clase tense que facer cargo de diversas tarefas informáticas para o mantemento da páxina web. As aprendizaxes que se tratan a partir de aí están enfocados a dar resposta a unha situación de aprendizaxe onde se pon de relevo a utilidade da multiplicación para pescudar cantas tarefas ten que revisar cada alumno.	10	14	X		
4	ÁNGULOS E POLÍGONOS	La unidad parte de un plano del campo de baloncesto de un colegio. Esto permite la reflexión previa y colectiva sobre la presencia de la geometría en nuestro entorno. Los aprendizajes que se tratan a partir de ahí están enfocados a dar respuesta a una situación de aprendizaje donde se pone de relieve la utilidad de las nociones geométricas para leer e interpretar figuras, polígonos y pictogramas para tomar decisiones adecuadas en relación con dichos deportes.	5	10	X		
5	A DIVISIÓN	Nesta unidade se parte dun contexto no que se ha de xestionar a repartición de obxectos no momento de poñer a mesa en casa. Inicialmente preséntanse os datos informativos que se han de interpretar e analizar para terminar planificando unha situación da vida real. Este punto de partida conduce á situación de aprendizaxe que lles vai a permitir aos estudantes fomentar a toma de decisións autónoma en situacións de resolución de problemas.	10	14		X	
6	PRACTICA DA DIVISIÓN	a unidade preséntase unha situación na que un colexio inaugúrase e débese calcular a cantidade de estudantes, docentes, persoal e instalacións habilitadas que ten o centro. A partir da interpretación da información dada e a execución dos cálculos pertinentes, o alumnado ha de completar unha táboa concluínte. Esta situación de aprendizaxe contextualizada vai permitir, principalmente, familiarizarse con contidos relacionados coa estimación de medidas de masa.	10	14		X	
7	FRACCIONES	.Nesta unidade se parte dun contexto no que se ha de xestionar a organización	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	FRACCIONES	dunha festa de aniversarios. Inicialmente preséntanse os datos informativos que se teñen que interpretar e analizar para terminar planificando unha situación da vida real. Este punto de partida conduce á situación de aprendizaxe, que permitirá aos estudantes a toma de decisións autónomas na resolución de problemas.	10	12		X	
8	CORPOS XEOMÉTRICOS	Nesta unidade se parte da creación dunhas veLas con formas xeométricas para conseguir diñeiro e realizar unha excursión de clase. Para iso, propónse usar o diñeiro recadado para ir a unhas cabanas no campo. Estas cabanas tamén teñen diferentes formas xeométricas e os estudantes han de debuxar a súa propia cabana para calcular o custo que tería aloxarse nela a partir da súa capacidade e tamaño. Esta situación de aprendizaxe achega e vincula familiarmente certos conceptos xeométricos co día a día do alumnado	5	10		X	
9	NÚMEROS DECIMAIS	Nesta unidade partimos da imaxe duns nenos que están a realizar un curso de surf. Trátase de que o alumnado reflexione sobre o prezo das actividades para un grupo de dez persoas que se realizan no mar (surf, submarinismo, snorkel e wakeboard) e, a medida que avance no estudo da unidade, esta situación de aprendizaxe permitiralle entender e contextualizar as matemáticas como recurso para interpretar diferentes situacións da súa contorna	10	12		X	
10	TEMPO E DIÑEIRO	Nesta unidade se parte da organización dunha viaxe en metro. A premisa crave é elaborar un horario @teniendo en cuenta o tempo de duración do traxecto, así como de cada tarefa individualmente. A partir desta situación de aprendizaxe, o alumnado vai familiarizar coas medidas do tempo e o seu cálculo para determinar a duración de períodos.	10	10			X
11	LONXITUDE	Nesta unidade expónse unha excursión a pé facendo etapas en diferentes pobos e propónse ao alumnado que determine o percorrido calculando distancias. A partir desta situación de aprendizaxe poñerán en contexto todas as súas nocións sobre a lonxitude e as súas unidades, para estimar e avaliar unha situación habitual do noso día a día: unha viaxe	10	12			X
12	CAPACIDADE E MASA	Esta unidade parte da organización dunha festa de fin de curso. A premisa crave é que o alumnado debe comprar os ingredientes	10	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	CAPACIDADE E MASA	para elaborar pizzas para a festa de fin de curso e, por iso, vai realizar estimacións e cálculos coa información dada. A partir desta situación de aprendizaxe, familiarizaranse cos atributos mesurables de obxectos cotiáns como son a masa e o volume.	10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	NÚMEROS DE CATRO e CINCO CIFRAS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Comprende as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	PE	50
CA1.3 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Realiza representacións matemáticas		
CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Usa estratexias para resolver problemas		
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñece as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	TI	50
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explica ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		
CA4.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Identifica as emocións básicas ao abordar novos retos matemáticos		
CA4.8 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñece conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballa en equipo activa e respectuosamente		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostra actitudes positivas ante novos retos matemático		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente, comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participa, con responsabilidade, no traballo en equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
